

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 803 /2010, DO 15 NOVEMBRO.

Vista a comunicación da Consellería de Traballo e Benestar (RE nº 3178 do 25/10/2010) do acordo favorable da Comisión Central de Valoración para o proxecto Obradoiro de Emprego “ Escola de Vela Costa da Morte-Fase II” promovido polo Concello de Cabana de Bergantiños con unha duración de 12 meses e para 30 alumnos traballadores con dúas actuacións previstas, a 2º fase de rehabilitación do antigo aserradoiro da ribeira do Anllóns para a súa transformación en escola de vela da Costa da Morte e a execución de 1º fase de reforma de vivendas de antigos mestres para destinalo a albergue xuvenil.

Visto o acordo de aprobación de bases e baremos e o nomeamento das persoas que constituirán o grupo de traballo, asinado por D. Luis Alberto Álvarez Freijido, Xefe Territorial da Consellería de Traballo e Benestar e en representación do Concello de Cabana de Bergantiños, D. José Muiño Domínguez, como Alcalde- Presidente, para o proceso de selección do director, persoal e alumnos traballadores do Obradoiro de Emprego “ Escola de Vela Costa da Morte- Fase II” consonte o disposto no capítulo II da Orde da Consellería de Traballo do 18 de marzo de 2010 (DOG nº 58, do 26 de marzo de 2010).

Visto que o obradoiro de emprego, como programa de emprego e formación, terá unha duración de 12 meses e formará a 30 alumnos traballadores, 18 na especialidade de albanelería e 12 na especialidade de carpintería. Os traballadores serán contratados, baixo a modalidade de contrato para a formación e percibirán as retribucións que lles correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente. Será necesario proceder igualmente, previa presentación de ofertas de emprego na Oficina de Emprego de Carballo, a contratación de dirección e persoal para o desenvolvemento do Obradoiro de Emprego, de 1 director, 1 mestre de albanelería, 1 mestre de carpintería, 1 titor, 1 mestre de formación empresarial e 1 auxiliar, todos eles a xornada completa, agás o mestre de formación empresarial que será contratado a media xornada.

Visto que o Concello de Cabana de Bergantiños como entidade promotora poderá tramitar a partir do 11 de novembro de 2010 as correspondentes ofertas na Oficina de Emprego de Carballo e que a data límite para a posta en funcionamento do Obradoiro de Emprego será o 22 de decembro de 2010, esta Alcaldía- Presidencia

RESOLVE:

1º.- Aproba-las bases para a selección de alumnos traballadores e persoal do obradoiro de emprego “ Escola de Vela Costa da Morte-Fase II” e publicalas no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello www.concello-cabana.es.

2º.- Nomear as persoas en representación da entidade promotora para formar parte do grupo de traballo mixto tal e como reflicte o acordo entre

D.Luis Alberto Álvarez Freijido, Xefe Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, e o Alcalde- Presidente do Concello de Cabana de Bergantiños D. José Muño Domínguez.

3º.- Ordear que se fagan as correspondentes ofertas de emprego público á Oficina de Emprego de Carballo, consonte o disposto no capítulo II da Orde da Consellería de Traballo do 18 de marzo de 2010 (DOG nº 58, do 26 de marzo de 2010.

4º.- Os aspirantes a alumnos traballadores e persoal directivo, docente e de apoio que resulten preseleccionados polo grupo de traballo, presentarán no prazo de 3 días hábiles no Rexistro do Concello, contados a partir da publicación da relación de aprobados no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello, os documentos seguintes:

A.- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.

B.-Fotocopia do documento que acredite o número de afiliación a Seguridade Social.

C.-Informe médico oficial no que se faga constar expresamente que o aspirante non padece enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias de cada posto.

D.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

E.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme a normativa vixente.

F.-Declaración Xurada de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.

5º.-Os salarios mensuais (12 mensualidades) que percibirán o equipo directivo e os alumnos traballadores en termos brutos incluída a prorrata da paga extra son os seguintes:

A.- Director: 2.565,00 euros/mes

B.- Mestre albanel: 2.012,00 euros/mes

C.- Mestre carpinteiro: 2.012,00 euros/mes

D.- Titor:2.012,00 euros/mes

E.- Mestre formación empresarial: 1.100,00 euros/mes

F.- Auxiliar administrativo: 1.000,11 euros/mes

G.- Alumnos-traballadores: 1.108,28 euros/mes*

* 1,5 SMI (633,30 euros, segundo o RD2030/2009, de 30 de decembro) máis 158,33 euros prorrata paga extra.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente en funcións don José María Rama Nantón na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o 15 de novembro de dous mil dez, diante de min, o Secretario, que dou fe e certifico.

O Alcalde en funcións

O Secretario,

Asdo.:José María Rama Nantón

Asdo.: Federico Suárez Cancelo.